

TERRA DE IRIA
TERRA DE ROSALÍA DE CASTRO

Anxo Angueira

Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Polas características técnicas de esta edición:

© Polo texto: Anxo Angueira

© Promocións Culturais Galegas, S.A.


Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas, S. A.
4780-583 Santo Tirso

I.S.B.N.: 978-84-8341-327-2

Depósito legal: VG 328-2009

A Terra de Iria é unha entidade histórica, xeográfica, económica, social, cultural e política que, polo menos, cómpre remontar á época sueva (Iria era sé episcopal do reino suevo de Galicia) e que hoxe continúa pervivindo. Correspóndese co que na actualidade aínda é o arceprelado de Iria, que abarcaría os concellos actuais de Padrón, Cesures, Valga, Rois, Dodro, Catoira e Rianxo. Aínda que non imos incluír estes dous últimos, tamén eles pertencerían a esta unidade xeográfica que se corresponde coas ribeiras do Ulla final (a estas terras chamáballes Borobó *Ullán*), ese Ulla navegábel desde a Arousa deica Cesures, o Ulla farto que sobe e devala coas marés, o Ulla no que deita caudal o Sar de Rosalía e que aínda nos trague e nos leva dornas, balandros, galeóns.

TERRA DE IRIA



No epicentro da Terra de Iria

Propomos dúas viaxes complementarias: unha que é factíbel realizar a pé, que abarcaría o núcleo central desta terra, e outra para a que sería preciso o coche e que nos levaría pola periferia, por así decelo. Nos dous casos imos escoller como punto de partida o que resulta un lugar coñecido, un epicentro cultural de Galicia: a Casa-Museo de Rosalía de Castro na Matanza, unha casa común de tódolos galegos.



“Padrón, Padrón. Santa María. Lestrove”

Rosalía veu morrer a esta casa da Matanza porque amaba a súa terra. Pero cómpre lembrar que nin esta nin ningunha na que viviu foi da súa propiedade. Ela, con Murguía, que nunca tivo casa de seu, edificou a casa, para todos e para sempre, das letras nacionais. Neste lugar, convertido con moito esforzo nunha especie de santuario laico, celébrase tamén, á sombra da lata que ten por de fronte, un acto cultural de referencia: a entrega dos premios Pedrón de Ouro. E tamén pode visitarse o Centro de Estudos Rosalíanos, aínda escasamente dotado. Todo é ben ser e paz neste agradábel recuncho de Galicia.

A Matanza, aquí ó pé da estación ferroviaria, é aldea que pertence á freguesía de Santa María de Iria. Se saíndo da Casa-Museo

collemos un camiño de chapacuña á esquerda imos continuar por outras aldeas da mesma parroquia. Primeiro temos que cruza-las naves da Picusa, vello referente industrial, peleteiro e proletario da bisbarra. Deixamos á esquerda as pequenas aldeas de Luáns e O Couto. Axiña, no alto do camiño, damos co valo que circunda as terras do pazo da Arretén, casagrande, como a propia Rosalía dicía, en que foi nada súa nai e que agora resulta case irrecoñecíbel despois das numerosas “intervencións” de reacondicionamento que padeceu. Unha ferida máis no patrimonio histórico e artístico de Galicia. A Arretén é unha aldea encantadora que nos ofrece aínda esas latas, esas parras que cobren rúas e camiños e que, comúns a tódalas aldeas, son todo un símbolo da Terra de Iria. Da Arretén baixamos por unha corredoira encantadora camiño de Iria, vella vía romana, a XIX do itinerario Antonino, e damos entón cos restos de dous castros. Sobre o da Barronca estaba edificada a Rocha Branca, residencia dos arcebispos composteláns ata ser derrubada polos Irmandiños. A ela veu morrer Rodrigo de Luna, cuxo pétreo sepulcro, no ouso de

Santa María, é un dos maiores atractivos da vella igrexa iriense. Axiña divisámo-las súas torres, o enorme magnolio da vella fábrica de Lámparas Yria, que nos lembra a figura de Estanislao Pérez Artime, moi relevante figura do republicanismo padronés e gassetista, e xa tamén as inconfundíbeis oliveiras do cemiterio de Adina, inmortalizado por Rosalía de Castro. Aquí no cemiterio, beirado por un valo e polo camiño de Santiago, o valo no que



sentou a “Estranxeira na súa patria”, estamos calcando un centro neurálxico da historia de Galicia. Iria foi capital galaica na prehistoria, no Imperio Romano, no reino suevo de Galicia... E só o seu protagonismo minguou ó ser trasladada a súa capitalidade para Compostela, onde acabou callando a lenda xacobeá. Os detalles da súa historia poden lerse moi ben na *Crónica de Santa María de Iria* (1468) de Rui Vasques, tesouro tamén lingüístico de primeira magnitude. A igrexa colexiata sufriu varias remodelacións, conservando a portada de traza gótica, pero con interesantes retábulos e capelas interiores, maiormente de filiación barroca. No ouso, acompañando o de Rodrigo de Luna, outro sepulcro anónimo garda para os populares irienses os segredos para sandalo mal de aire. Murguía testemuña que Rosalía de pícara serviuse das súas propiedades. Polo adro de Santa María, sarcófagos, lápidas, pedras milenarias... Fronte do adro, a casa dos cóengos, hoxe sede da poderosa Fundación Camilo José Cela, o Premio Nobel nado aquí perto, na casa de John, de Jorge Trulock ó pé da vía, e enterrado tamén na Adina, como Rosalía,

aínda que esta seguiu o camiño de Compostela, coma a diocese e Prisciliano. Quen lea *Pau de buxo* (*Madera de boj*) advertirá a forte impronta que tiveron Galicia e mais Iria no traxecto de retorno deste singular viaxeiro.

De Iria chegamos a Padrón cruzando a veiga e, a ser posíbel, despois de cruza-la súa canle, pola beira do Sar. O Morgadán condúcenos á Igrexa de Santiago, gardadora do famoso *pedrón*, a ara romana que se incorporou á lenda xacobeá e que agora, reproducida, adorna varias prazas e lugares da vila. Padrón é a vila continuadora da vella Iria, depositaria actual da súa capitalidade económica, social e administrativa. A “ponliña verde, fada branca ó pé dun río” que dixera Rosalía, é unha vila animada, especialmente os domingos, coa súa espectacular feira. E aínda soubo gardar os seus principais referentes arquitectónicos. Un paseo polas súas rúas lévanos ó Pazo do Arcebispo de Quito, á praza de Baltar, á de Macías o Namorado, á rúa Xoan



TERRA DE IRIA



Visitamos xardín, horta, capela...

Rodríguez, en que se criou con súa nai Rosalía, ó interesante edificio do Concello, a Fondo de Vila, emblemática porta sur de Padrón, onde achamos un fermoso cruceiro e a refeita casa do patín. Desde aquí chegamos ó paseo do Espolón, beira do Sar, e camiñamos río arriba, como as marés da Arousa que aquí chegan, baixo estes fermosos plátanos so os que pasearon Manoel Antonio e Bernardino Graña (*Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*). É este talvez o lugar máis emblemático da vila, presidido pola estatua de Rosalía. A pedra que fai mira-la nosa autora cara o Sar, edificada polo carto da emigración, convoca arredor da súa figura toda unha liña galeguista e democrática desta vila que non esmoreceu nin co franquismo: Ruíz Pons, Ramón Rey Baltar, Octavio Sanmartín, Camilo Agrasar, Beiró Buxán... Así e todo, hai unha data especialmente memorábel vinculada a esta estatua, xusto un ano despois da súa inauguración: a Páscoa de 1958. O acto era a coroación de Ramón Cabanillas, xa moi velliño. Os versos de Aquilino Iglesia Alvariño e as palabras de Otero Pedrayo, aínda

resoantes na lembranza de quen alí escoitou, ó pé de Rosalía e diante dunha multitude entre a que figuraban os mociños das Festas Minervais, constituíron un dos primeiros actos públicos de resistencia antifranquista e unha proba de que os elos entre xeracións, desde o primeiro e máis principal que os xuntaba, permanecían inalterados na longa noite.

Cruzamos a ponte sobre o río, e batemos coa Fonte do Carme. Sobre ela o convento dominico, cuxo fermoso belvedere balaustrado en pedra é de obrigada visita. Á dereita a Trabanca de Arriba, a de Nicasio Pajares, que nos leva en centro trinta e seis chanzos pagos por Vidal Cepeda ó Santiaguíño do Monte, onde se celebra emblemática romaría o Día da Patria Galega. Á esquerda a Trabanca de Abaixo, que, pasada a Fonte do Vilar, nos interna no Concello de Dodro e nos conduce a Lestrove.

Deixamos o pazo arcebispal señorialmente murado á esquerda e, chegados á Praza, un lugar con fonte e cuberto, subimos polos camiños desta extensa aldea de Lestrove, cara as Torres de Hermida. Trátase dunha edificación ben antiga que recompuxo

as vellas torres defensivas no que agora é un imponente e fascinante pazo. É dunha beleza cativadora e única. Recuperada como casa de turismo rural por Marina Vázquez, descendente de Xosé Hermida, o curmán imprescindible de Rosalía, que tantas veces a acolleu aquí, garda esta casa memoria de non poucos feitos literarios e políticos de intensa incidencia na historia de Galicia que a súa dona soubo sabiamente documentar. Fóra da amizade de Castelao con



TERRA DE IRIA

Xosé Hermida –hai evidentemente un *Sempre en Galiza* ó dispor do visitante– e fóra do Pacto de Lestrove de 1930 asinado entre estas paredes, Marina Vázquez non deixa de consignarnos que se garda aquí o tesouro conmemorativo deseñado por Camilo Díaz Baliño –mestura de nacionalismo, masonería e republicanismo– que recolle os nomes de tantos e tantos que despois, coma el mesmo, foran asasinados, e un poema do poeta zapateiro Xesús San Luís Romero adicado ó



Na casa de John Trulock xúntanse camiños

anfitrión, Xosé Vázquez Batalla: *¡Ouh, vello loitador republicano!*. Memoria que estarrece e que fascina. Esta si que é casa de Rosalía, se a nosa autora tivo realmente algunha –*¡sin lar nin arrimo!*, *¡miña casiña meu lar!*–, casa da súa estirpe liberal e laica, republicana. Aquí viviu con Murguía, aquí lle naceron fillos, aquí escribiu, datou o memorábel artigo "Padrón y las inundaciones" e compuxo, sen dúbida, aquel "Como chove miudiño". Desde aquí, ou aínda mellor se subimos ó miradoiro das Penas, pouco máis arriba, podemos enxergar toda a xeografía do poema, a xeografía persoal da nosa autora e a da Terra de Iria que ela amaba: Laíño, Lestrove, Padrón, Iria, San Lois, Valga, Campaña, o Meda...

Lestrove, unha aldea alegre, de músicos e longa veiga, a do poeta Fortunato Cruces Angueira, pode pasearse moi ben polos seus rueiros. De regreso a Padrón, agora podemos deternos no pazo arcebispal, hoxe restaurado e dedicado á hostalería como Pazo de Lestrove. Resulta tamén dunha beleza singular, coa súa carballeira e os seus anexos (capela, pombal, lagar, lavadoiro), aínda que talvez cómpre



Padrón é de perderse por rúas e prazas, como a de Macías

destacar o seu chafariz coroado por unha escultura de Santiago peregrino. Os arcebispos composteláns tiñan como residencia de recreo, despois daquela rocha Branca de Iria, esta *“pesada nave que encallou na fresca braña”*, en palabras de Rosalía.

Xa na vila padronesa, cruzámo-lo Sar e as rúas en dirección ó punto de saída. Pero antes aínda batemos cun recuncho de cativadora beleza: o Xardín Botánico. Deseñado por man neoclásica de avenidas e rúas, liñas,

redes entrecruzadas, é de perderse por entre os múltiples aromas, sombras e texturas vexetais. Nun recanto da doce frescura, Macías o Namorado, probablemente padronés, “*cativo da miña tristura*”. En todos, a lembranza de Rosalía de Castro, “*lágrima triste na miña dor vertida*”. As sequoias xigantes, os pradairos,



Rosalía ollando as marés do Sar

TERRA DE IRIA

as palmeiras, as camelias, magnolios, salgueiros..., árbores e plantas exóticas fannos perder no labirinto das evocacións. E a un nada estamos outravolta na casa da Matanza.



Periferia de Iria

Agora é preciso o coche. Desde a propia Casa da Matanza collemos dereitura, pola estrada que leva a Bea, cara Herbón, a terra dos afa-
mados pimentos. Ó chegar a Herbón desviá-
monos á dereita cara o convento franciscano,
edificado no século XIV e situado nun encla-
ve privilexiado. Recíbenos fermoso cruceiro
e unha frondosa carballeira na que tamén dan
sombra centenaria varias sobreiras, escena-
rio da romaría do san Benitiño. Ó baixar cara
o convento, do que paga a pena visita-la igre-
xa e mailo claustro e diante da palmeira que
lembra a Xoán Rodríguez evoca-la novela
de Otero *Las palmas del convento*, vemos,
como na coñecida cantiga, a San Benito (en
realidade San Francisco) botar auga polo
peito.

TERRA DE IRIA



Herbón

Fermosa Santa María de Herbón

Seguindo co coche cara o río Ulla, beirá-molo uns metros ata dar cunha ponte e detémonos. Trátase dunha estampa imprescindíbel: as pesqueiras de Herbón. O río ancorado flúe polas canles que co vuitrón son a trampa, de febreiro a abril, dese animal estraño, chupa-pedras, a lamprea.

Seguimos pola beira da horta murada do convento e axiña vemos un magnífico románico do século XII, moi pouco coñecido: Santa María de Herbón. Cómpre deterse a contemplalo nun paseo circundante que inclúa o ouso, a porta do sur, a fachada principal, os contrafortes, as gárgolas... Desde o seu adro, ollando o val de Herbón, despedímonos desta terra negra e lenturenta de desforzados labregos e subimos de novo para a estrada de Padrón a Bea. Axiña atopamos un Ulla fluíndo estrepitoso, espectacular, pola gorxa do Lapidio, tan perto da mansedume de Herbón, entre máis pesqueiras. Aquí unha pista á esquerda ofrécenos a posibilidade de subir ó Meda. Paga a pena, é unha referencia da Terra de Iria. O seu cume é unha atalaia privilexiada desta xeografía: o Ulla camiñando cara o mar, o Sar baixando de contra a

Amahía, os montes de Rois, Castro Valente, o Pico Sagro, todas estas aldeíñas..., e alá lonxe a Arousa e as súas illas, incendiadas en outono e sempre cos solpores.

Baixando do Meda continuamos Ulla arriba cara o fermoso val de Carcacía: Lamas, Casal, Sobrerribas, Cruxeiras, Rial, Guimaráns, Pousada, Sande, Sinde, Outeiro, Ribadulla, Rumille, Curral... Antes de chegar ó nemoroso e coñecido lugar do Xirimbao, xa en Teo, detémonos en Sinde, unha encantadora aldeíña á beira do Ulla que nos ofrece unhas vistas magníficas sobre o río, aquí conto pesqueiro de salmóns. Salvando un outeiro de uces vermellas, uz moural e carpaza, codeosos e carrouchas sobre o que se ergue un senlleiro copudo pino manso, ronseando, facendo a volta sobre unha veiguela poboada agora de palla milla fantasmática, o Ulla entra nunha breve gorxa e é enviado por un tupido túnel de arboredo.

Volvemos á estrada e retrocedemos uns metros para cruza-la ponte que nos leva á outra beira, onde, contra o mapa das provincias, continúa a ser San Pedro de Carcacía e Concello de Padrón. Damos con Bandín, onde é de



Nas páxinas da historia sempre está Requeixo

TERRA DE IRIA

visita-la capela da Mercé, especialmente polas vistas que ofrece. Continuamos baixando pola marxe esquerda do río. A un quilómetro de Bandín soben pistas cara o Castro Valente, descrito por Murguía e López Ferreiro, un dos máis grandes e importantes destas terras. Desde o cume, en realidade son tres bicos, monte bravo e penedoso, irmán do Meda, lárgase a mellor treita sobre o Ulla das brañas de Laiño. Despois chegamos ó Morono, ó Confurco, Condes e Cortiñas, aldeas agora da parroquia de Santa María de Herbón que volven confirma-la Terra de Iria contra a división provincial decimonónica.

E chegamos a Requeixo, xa no concello de Cesures. Esta vella aldea, coma todas as deste pequeno concello, segregado do de Valga en 1925 (Infesta, Carreira, San Lois, Porto, sobre todo Porto), son de estirpe mariñeira. Mariñeiros de río, de salmón, lamprea, muxo e zamborca, do trafego fluvial da madeira especialmente por galeóns, pescadores en dorna deica fóra da Arousa. Fican na memoria os





En Iria respírase o ar de Dume


baleiros, pescadores en meco ou dorna que balaban no muxo. Sarmiento, na matrícula de mariña do ano 1754 adscrita a Pontevedra no seu libro de viaxe a Galicia dese ano, recolle que en Padrón e Ponte Cesures hai 79 mariñeiros e 12 embarcacións, mentres que en Requeixo hai, respectivamente, 185 e 43, cando en Rianxo había, por exemplo, 152 e 23. Pero é que nin Noia nin o Son, nin a Pobra, nin Vilagarcía ou Carril, nin Portonovo ou Sanxenxo, nin Baiona ou a Guarda superaban eses números. Non só memoria, aínda

TERRA DE IRIA

fican mariñeiros en Cesures, míticos os Pica-follas, cuxa festa principal, naturalmente, é a do Carme, celebrada aínda non hai moito con regatas de dornas.

En Requeixo cómpre visita-la súa igrexa de estirpe románica ó pé da estrada Padrón – Pontevedra, a de Malvar, e despois subir ó mirador do Pino Manso por ver a paisaxe industrial na ribeira do Ulla, especialmente na *rive gauche* das vellas telleiras entre Cesures e Catoira, e as súas voltas do río cara o mar; achegarse á praza de San Lois, o antigo lazareto, ó edificio do vello alfolí de fermosa cantería, fautoría, que leva inscrita so o topete da fachada a súa función primitiva, aínda que efémera, (almacéns da renda do tabaco) e a data de construción (1795), proba da histórica vida comercial de Cesures a través, sen dúbida, do trafego fluvial; evocar a Maside e a Borobó, ilustres cesureños, a Cerámica Celta que aquí tivo e ten asentado...

Cesures é tan pequeno... Desandando o camiño de Santiago continuamos cara Valga



pola estrada de Pontevedra. Propomos unha visita seguindo as parroquiais de San Miguel de Valga, Setecoros, Xanza, Campaña e Cordeiro. Nelas poderemos admirar vestixios románicos (especialmente en Xanza e Campaña) e nomeadamente barrocos. En todas teremos unha sensación de dominio xeográfico, especialmente en Setecoros, Xanza e Cordeiro. Valga é un concello que regan o Valga e o Louro antes de deitaren as súas augas no Ulla. O viaxeiro atopará, aquí e acolá, fermosos recunchos. Desde as brañas pé do Ulla cruzadas polo comboio e asombradas por garzas e parrulos, deica os esgrevios montes nos que non faltan petróglifos, como a Pedra das Serpes, non lonxe de Laceiras, ou os muíños de vento, felizmente restaurados en Cordeiro. Terra de hórreos esveltos e abondosos pombais, de cruceiros espectaculares, coma o de Beiro (fins do XVI), de sobrios pazos, coma a casagrande do Sisto ou a de Raxoi ou da de Seárez. Na propia capital do concello, na praza fronte ó Campo da Feira chaman a atención os soportais de Casa Maneiro, ó lado da de Potel. Este é o territorio de Agustina Otero Iglesias, Carolina Otero, a

personaxe máis famosa, sen dúbida, de Valga. Aquí mesmo naceu aínda que agora, onde estivo a súa casopa, hai unhas escolas que levan o nome de Manuel Vicente Cousiño, o cura Carrandán. Carolina está nun nome posto nunha lápida do cemiterio do Leste de Niza e nas incontábeis páxinas que a súa vida foi xerando. Desde Renato Ulloa a Marga do Val, desde Borobó a Torrente Ballester, Carolina Otero non deixou de inspirar permanentemente artigos, libros, historias... E de Cordeiro é natural, e consérvase a casa en que naceu, o insigne Xesús Ferro Couselo, aínda que, agás esporádicos artigos, dedicou a súa inmensa erudición e capacidade de traballo a Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, Agrupación Cultural Auriense e Boletín Auriense. Dos seus contributos escritos destacan *A vida e a fala dos devanceiros* e "Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego". Pero del é importante toda unha biografía entregada sen desmaio á nosa lingua, á nosa cultura, á nosa dignidade nacional.

Sáímos precisamente por Cordeiro cara Catoira, camiño de Vilagarcía para cruza-lo

río e mudar de ribeira. Saudaremos entón as Torres de Oeste na terra de Xelmírez, as cantadas por Rosalía de Castro en inesquecível poema de Follas Novas coma un auténtico “pego negro”, todo un referente na Terra de Iria.

Ó pasa-la ponte subimos río arriba e chegamos ó concello de Dodro, un concello que coma Valga, entre brañas que o Ulla enche nas marés e esgrevios montes preludio do Barbanza, ofrece o encanto de numerosos vales e aldeíñas. Esta parroquia pola que entramos é San Xoán de Láíño, que ten como capital Imo, unha aldea sumamente encantadora, coa súa eira beirada de hórreos, os seus camiños cubertos de latas, a casa grande dos Aguirre, pombais, hortas, muíños... Precisamente acaba de ser recuperada a memoria do poeta Luís Aguirre del Río, autor en castelán do tempo de Rosalía de Castro que fixo un contributo excepcional co seu vocabulario Galego–Castelán. Tío de Sixto Aguirre, un





Rois é de moito cruceiro

dos que, debuxados pola man de Camilo Díaz Baliño, foi fusilado en 1936. Un dos que non morreron. E foi recuperada grazas á bibliofilia de Xusto Cortizo e á investigación de Avelino Abuín de Tembra, polígrafo tamén de Imo, articulista e notábel poeta da Xeración das Festas Minervais. Tamén de Imo era, e na súa parroquial está enterrado, Xosé Ramón Reboiras Noia.

Moi perto de Imo pódense visitar a Cruz do Abelán, interesante cruceiro de capela do século dezasete (1672), chantado nun punto que separa moi claramente as aldeas do monte e as do val, e os petróglifos de Bouza Abadín, dos que chama a atención o labirinto deseñado aproveitando a chamativa prominencia dunha rocha. Desde os altores estes a vista sobre as brañas de Laíño resulta espectacular.

De Imo, rumbo norte, collemos para a freguesía veciña de San Xián de Laíño. A súa igrexa, de grandes proporcións e notábel retábulo barroco, volve ofrecer a sensación de dominio xeográfico. As aldeas de Laíño, coma tódalas da Terra de Iria, insistimos máis unha vez, caracterízanse por estaren

cubertas en rúas e quinteiros polas consabidas latas ou parras, coma en Rial de Lagoa. En Tallós, capital do Concello, pode verse a escola construída polo carto da emigración arxentina, todo un emblema da memoria máis recente desta terra, como algunhas casas e outras construcións de “americanos”, en Tarrío e en Manselle especialmente, animadores sociais e políticos nos tempos da II República cuxos proxectos e vidas tronzou o golpe fascista empurrándoos de novo ó exilio. Tamén en Tarrío, aldea natal de Eusebio Lorenzo Baleirón, chorado poeta morto en plena mocidade, pode visitarse o pazo dos Ballesteros, hoxe reacondicionado. O que non pode visitarse é o pazo de Dodro, a Torre do Marqués de Bendaña na aldea de Vigo, doado polo seu último dono a Franco e cuxas pedras, nun acto de barbarie artística incomparable, foron levadas para Meirás.

Desde a parroquial de San Xián de Laíño subimos pola estrada que nos leva a Rois. Pasamos entón polo val de Traxeito, Pexegueiro, Paizal e Rialiño para baixar por Formarís a Antequeira. Por todas estas aldeas de montaña, e nós escoitámolo na Chisca, o 30



Urdilde na extrema Iria

TERRA DE IRIA

de abril, noite de Walpurgis, con longos colmeiros acesos, berrábase polos campos co froito xa nado do centeo, do liño e da avea:

*Lume ó pan, lume ó pan:
cada freba seu toldán.*

*Lume ó liño, lume ó liño:
cada freba seu serriño.*

*Lume á avea, lume á avea:
cada freba súa saca chea.*

Rois é o máis grande e variado Concello da Terra de Iria. Recolle, coma todos, augas para o Ulla e probabelmente non haxa outro que verta tantas no Sar. Agora ben, unha parte da parroquia de Urdilde deita cara o Tambre e moito de Augasantas e Ermedelo vai para Noia polo rego do Treito, o Manle e o Moares. Rois é a verdadeira montaña, poboada de cabalos bravos, a pequena inmensidade de Iria.





Un recuncho encantador: Herbogo

Para coñecer Rois, un algo das terras de Quinta e do Baleirón, cómpre percorre-las súas parroquias –unha ducia– e os seus lugares –máis dun cento. E sobre todo é imprescindíbel axudarse dun exemplar de *O Concello de Rois: Historia, Economía e Arte* de Clodio González Pérez. Se tódolos concellos de Galicia e das franxas estremeiras do Eo-Navia, do Bierzo e das Portelas tivesen un traballo similar a este, o retrato da nosa cultura sería outro. Hai que beicer esforzos

TERRA DE IRIA



Os prados fanse soutos en Oín

coma este porque grazas a eles un concello humilde, absolutamente rural, sen mesmo centros culturais e económicos de importancia, ensínasenos así enormemente rico en arte e en historia. Na Antequeira, parroquia de Oín, que fai de capital do concello, podemos ver o seu pazo. Solaina, patín, fies-trais, capela, camelias e magnolios, pradairos, fonte, pombal, hortas..., un conxunto de grande beleza. E entón podemos apaña-la estrada de Noia, chea de voltas e relanzos. Deixamos primeiro a igrexa de San Mamede á nosa dereita mentres cruzamos a Riaseira que baixa da Chisca e Xei, aldeas da parroquia de Buxán que se pode visitar nun ramal da esquerda. Seguindo camiño a Noia, ó pé do coto da Medela, a parroquia de Santa María de Leroño, cuxa igrexa aínda ten algo do románico vello e xa no alto a parroquial de San Vincenzo de Augasantas, enterrada so as ponlas dun pradairo, e por de fronte, do outro lado da estrada, un precioso cruceiro de





A auga de Rois fluíndo cara o Sar

capela (s. XVII). Estamos nun planalto modulado por gándaras, páramos e senras que agora son lameiros inmensos, sucado por tenues fíos de salgueiro, poboado por aldeas de Ermedelo e a propia Augasantas. De Augasantas baixamos cara Urdilde e de Urdilde de novo a Antequera por unha estrada á beira do río Liñares que nos amosra encantadoras paisaxes das freguesías de San Miguel de Costa e San Pedro de Herbogo, cuxas igrexas son unha fermosura. Antes de chegar á Antequera viramos na Pontenova á esquerda. Podemos visitar aí as parroquias de Seira, Sorribas e Ribasasar, moi evocadora da pastorela de Xoan Airas de Santiago, camiño de Francos. É de visitar aquí, cruzando o río Tinto, a carballeira en que se celebra unha feira das que non quedan, o San Martiño, e o espectacular e próximo cruceiro, así como o pazo dos Rivero de Aguilar no Faramello. Neste límite da Terra de Iria tamén está unha das máis fermosas das súas aldeas, igualmente ó pé do Castro Lupario: Angueira de Castro. E entón regresamos deixando Rois e seguindo a derrota do camiño de Santiago (“Vin de Santiago a Padrón”): Angueira de

Suso de máis latas, Santa María de Cruces románica, santuario barroco da Escravitude, ledicia incomparábel de Pazos, terra do excelente narrador Xavier Queipo (Porta dos Mariños, Anteportas, Cambela, A Rúa, O Souto, Romarís, Quintáns), e xa Iria, agardándonos coa súa Adina de vellas oliveiras e diferentes estranxeirías, e finalmente a Matanza, o epicentro que propomos. Porque esta Terra de Iria ten como bandeira Rosalía de Castro. E que outra ía ter se ela é bandeira tamén de toda Galicia?